



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 13 DE XULLO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREIJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
OLGA IGLESIAS BEREIJO
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 13 de xullo de 2023, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 17 DE XUÑO DE 2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión constitutiva do 17 de xuño de 2023.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao extraordinario de 17 de xuño de 2023, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO PSdeG-PSOE, BNG E PP



Pola Secretaria infórmase o seguinte:

En data 20.06.2023 preséntase escrito asinado polos concelleiros e concelleiras do Bloque Nacionalista Galego mediante o que comunican a constitución do GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO e a súa integración no mesmo, designando como voceiro titular a D. José Antonio Rodríguez Arribe e como voceiros suplentes a D^a María José Pernas Díaz, D. Noel López López e D^a Manuela López Rodríguez.

En data 22.06.2023 preséntase escrito asinado polos concelleiros e concelleiras do Partido Popular mediante o que comunican a constitución do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE CEDEIRA, e a súa integración no mesmo, designando como voceiro titular a D. Xulio Cribeiro García e como voceiro suplente a D. Pablo Nebril López.

En data 23.06.2023 preséntase escrito asinado polos concelleiros e concelleiras do PSdeG-PSOE mediante o que comunican a constitución do GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, e a súa integración no mesmo, designando como voceira titular a D^a Carmela Prieto Cal e como voceiro suplente a D. Pablo Diego Moreda Gil.

O Pleno queda enterado.

3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 345/2023 DE DATA 10.07.2023 - CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de data 10.07.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a constitución da Xunta de Goberno Local deste Concello.

SEGUNDO.- Designar membros da Xunta de Goberno Local aos Sres./Sras.:

D. José Antonio Rodríguez Arribe

D. Ismael Durán Bereijo

D^a María José Pernas Díaz

D^a Lucía Picos Aneiros



TERCEIRO. – A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:

1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde.

2) Concesión de licenzas urbanísticas.

3) Concesión de licenzas de actividade e de apertura.

4) Aprobación de padróns fiscais e liquidacións de impostos, taxas e prezos públicos.

5) A concertación de operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

6) As adjudicacións de concesións sobre bens e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.

7) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión e estean previstos no Orzamento.

8) A solicitude de subvencións para obras, actividades ou servizos municipais, que competencialmente non estean atribuídas ao Pleno da corporación.

9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración.

10) A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de auto turismo.

11) A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos.

12) A resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

C) As atribucións que lle atribúan as leis.

CUARTO.- Fixar como periodicidade para as sesións ordinarias os venres cada quince días, ás 13:00 horas.

Realizará a súa primeira sesión o venres 21 de xullo de 2023 ás 13:00 horas.

QUINTO.- A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.



SEXTO.- A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO.- Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicándose no boletín oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Solicita intervir o Sr. Cribeiro García, que di: Podemos facer unha proposta?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Por parte do noso grupo, cremos que a Comisión de Goberno debería reunirse polo menos unha vez á semana e non cada quince días, para que haxa unha maior axilidade de todos os trámites administrativos.

O Sr. Alcalde di: A proposta ten bo contido o que pasa é que pola experiencia que temos dos últimos 8 anos, consideramos que é oportuno telas cada quince días. O que estamos a facer é se temos casos moi urxentes, como pode ser a concesión de licencias, convócanse extraordinarias. Hai veces que nunha semana non temos contido suficiente como para levalo a unha Xunta de Goberno. É unha cousa que temos falada cos técnicos do Concello e é unha recomendación deles. Si que é verdade que de vez en cando temos unha extraordinaria, sobre todo para a concesión de licencias.

O Sr. Cribeiro García di: Era outra proposta, que se poden facer extraordinarias tamén.

O Sr. Alcalde di: O que imos facer é que se somos capaces de levar o ritmo que está plantexado na proposta, pois traeremos outra proposta, como ben dis, de facelas unha vez á semana.

O Pleno queda enterado.

4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 346/2023 DE DATA 10.07.2023 - NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS

Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 346/2023 de data 10.07.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Efectuar a favor dos membros da Xunta de Goberno Local que se citan as seguintes delegacións xenéricas, referidas ás áreas que se determinan, e nas materias que no seu caso se detallan,



ó abeiro do que dispón o artigo 43.3 do ROF, con facultades para dirixir e xestionar os servizos correspondentes, baixo a supervisión da Alcaldía, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

-D. José Antonio Rodríguez Arribe: Concelleiro-Delegado de **Cultura, Patrimonio e Deportes**

-D. Ismael Durán Bereijo: Concelleiro-Delegado de **Medio Ambiente**

-D^a María José Pernas Díaz: Concelleira-Delegada de **Medio Rural e Parroquias**

-D^a Lucía Picos Aneiros: Concelleira-Delegada de **Igualdade**

SEGUNDO.- Efectuar a favor dos Concelleiros que se citan as seguintes delegacións especiais, ó abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF, con responsabilidade para a dirección interna e xestión de servizos, baixo a supervisión da Alcaldía, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

-D. Jesús Romero Carracelas: Concelleiro-Delegado de **Obras, Servizos, Praias e Cemiterios**

-D^a Carmela Prieto Cal: Concelleira-Delegada de **Servizos Sociais, Lecer, Persoal, Participación Cidadá e Facenda**

-D. Noel López López: Concelleiro-Delegado de **Educación, Mocidade e Normalización Lingüística**

-D^a Manuela López Rodríguez: Concelleira-Delegada de **Emprego e Promoción Económica**

SEGUNDO.- Mantense expresamente dentro das atribucións da Alcaldía-Presidencia a formalización dos contratos que o Concello firme con particulares, calquera que fose a materia sobre a que versen, tendo a condición de órgano de contratación cando non se houberse delegado expresamente na Xunta de Goberno Local ou nun Concelleiro-Delegado.

Quedan expresamente incluídos dentro da Área de Presidencia a Concellería de **Turismo, Seguridade Cidadá e Urbanismo**, e calquera outro servizo ou atribución non expresamente delegada.

TERCEIRO.- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

O Pleno queda enterado.

5. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 347/2023 DE DATA 10.07.2023 - NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 347/2023 de data 10.07.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA



Asunto: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde aos Concelleiros seguintes:

1º Tenente de Alcalde: D. José Antonio Rodríguez Arribe

2º Tenente de Alcalde: D. Ismael Durán Bereijo

3º Tenente de Alcalde: Dª María José Pernas Díaz

4º Tenente de Alcalde: Dª Lucía Picos Aneiros

Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

SEGUNDO.- Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas por quen corresponda sen expresa delegación.

TERCEIRO.- Non obstante o anterior, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será substituída polo Primeiro Tenente de Alcalde e, no seu defecto, polos seguintes na orde establecida, debendo dar conta desa circunstancia o resto da Corporación e, en particular, ós voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

CUARTO.- Notificar esta Resolución ós Tenentes de Alcalde, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde Accidental non podendo, no citado exercicio, modifica-las delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais persoalmente aos designados, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación.“

O Pleno queda enterado.

6. PROPOSTA DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

Aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 38.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Que o Concello Pleno realice as sesións ordinarias, de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, con carácter bimensual, os últimos xoves de cada mes impar, ás 20:00 horas. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, realizarase a semana seguinte.

Segundo: Sinalar como data para a primeira sesión ordinaria o xoves día 27 de xullo de 2023 ás 20:00 horas, realizándose a seguinte coa periodicidade sinalada.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Vou explicar como me gustaría que foran os debates que teñamos, sería: damos a palabra aos portavoces, os portavoces expresarían a súa palabra, podería haber unha réplica a esa palabra dos portavoces e podemos chegar a falar todas as veces que queiramos, sempre e cando levemos un debate axustado á realidade e sen tolear porque senón ímonos ceñir ó que di o ROF e o que nos gusta é que todos podamos falar e participar. Non terá a palabra ningún Concelleiro, salvo que teña alusións, se hai alusións, pide a palabra e se lle da, sen ningún problema, pero imos intentar levalo así, da mellor forma posible. En relación con esta proposta, non sei se queredes facer algunha intervención?

O Sr. Cribreiro García di: Dicir previamente que nós estamos tranquilos, Pablo. A día de hoxe non estamos tomando trankimacín nin ningún ansiolítico. As nosas propostas van ser cremos que ben razoables. A proposta do Partido Popular creo que é bastante razoable, é que as sesións plenarias débense celebrar mensualmente. Oín unhas palabras súas na Cadea Ser nestes días que dicía que quería diálogo coa oposición, nós queríamos deixar claro aquí que nós non somos oposición de ninguén e que mellor motivo que en aras dunha transparencia do goberno de Cedeira, dunha maior información, facer unha sesión plenaria unha vez ao mes. A nosa proposta é que se celebren os Plenos unha vez ao mes.

O Sr. Alcalde di: Co tema que dixen antes, das Xuntas de Goberno, vólvoche a dicir o mesmo. A función que teñen os Plenos é precisamente dar conta de todo á oposición, neste caso para que fiscalice e que faga propostas positivas, co cal agradécesevos ao grupo, pero neste caso volvemos a dicir o que dixemos das Xuntas de Goberno, cremos que é suficiente con facer unha vez cada dous meses, pero tamén, no momento que haxa contidos, están os Plenos extraordinarios para sacar adiante, como pode ser nalgún momento o POS, temos que aprobalo e non temos un Pleno ordinario e temos que sacalo adiante ou algunha cousa semellante, así contaremos tamén este grupo de goberno coa labor do Partido Popular e se levará propostas nos que poidan participar, pero cremos que é suficiente, de momento, facendo como se leva facendo eu creo nos últimos, non sei, trinta anos, facendo un Pleno cada dous meses e, no caso de que sexa necesario, extraordinarios. Non sei Xosé se queres falar?

O Sr. Rodríguez Arribe di: Non, eu apoio a proposta da Alcaldía.

O Sr. Cribreiro García di: Digo que nosoutros non imos mirar o que se facía fai trinta anos, cremos que os Plenos deberían de ser, ó final do ano son seis Plenos, parécenos practicamente insuficientes para un Concello como o de Cedeira. Cremos que ten contido suficiente para que se celebren unha vez ao mes, a nosa proposta é esa.



O Sr. Alcalde di: Sobre esa proposta, os Plenos están a facerse sobre dez Plenos máis ou menos, adoita haber catro extraordinarios, tres ou catro extraordinarios, incluso habéndoos, facendo Plenos, facendo un mes igual habería que facer algún extraordinario polo tema de coincidencia de datas. Volvo a dicir o que dixen sobre as Xuntas de Goberno, seguiremos tal como está a proposta de Alcaldía e, no caso de que vexamos que vai haber máis contido e que é necesario, falarémolo e tomaremos unha decisión entre todos, votamos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

7. PROPOSTA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

O artigo 20.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes ós mesmos.

O artigo 59.2.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispón que a Comisión Especial de Contas deberá existir en tódolos concellos da Comunidade Autónoma. Por outra parte o artigo 68 da mesma Lei establece que se constituirán Comisións de estudio, informe e consulta en tódolos concellos de máis de 5.000 habitantes, correspondendo a estas comisións o estudio e ditame previo dos asuntos que deban someterse ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local cando ésta actúe por delegación de áquel, sendo competencia do Pleno determinar o número e a denominación das Comisións de estudio, informe e consulta e as súas modificacións.

Entendendo esta Alcaldía que para o estudio e ditame dos asuntos que deban someterse ó Pleno, e, no seu caso, á Xunta de Goberno Local, é suficiente coa existencia da Comisión de Plenos e da Comisión de Urbanismo, ademais da Comisión Especial de Contas.

En uso das facultades previstas nos artigos anteriormente citados, co fin de dar cumprimento ao disposto nos artigos 38 e 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Crear con carácter permanente as seguintes Comisións Informativas, que terán por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegacións:



COMISIÓN INFORMATIVA DE PLENOS.

Número de membros: 3 P.S.deG.-P.S.O.E., 2 P.P., 2 B.N.G.; Total: 7 membros.
Presidente: Sr. D.Pablo Diego Moreda Gil.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO.

Número de membros: 3 P.S.deG.-P.S.O.E., 2 P.P., 2 B.N.G.; Total: 7 membros.
Presidente: Sr. D. Pablo Diego Moreda Gil.

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Número de membros: 3 P.S.deG.-P.S.O.E., 2 P.P., 2 B.N.G.; Total: 7 membros.
Presidente: Sr. D. Pablo Diego Moreda Gil.

De conformidade co establecido no artigo 125 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito dos Voceiros de referidos grupos dirixido a esta Alcaldía e do que se dará conta ao Pleno. Igualmente poderán designar un suplente por cada titular.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

8. PROPOSTA DE ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que o Pleno da Corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Lei de Presupostos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica de referida dotación que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

Á vista da constitución da nova Corporación o pasado día 17 de xuño de 2023, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



Primeiro. - Establecer a seguinte asignación aos grupos políticos, nos termos do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

100,00€. Grupo/mes.
50,00€. Concelleiro/mes.

Segundo.- Modificar as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023, no que se refire as cantidades fixadas por asistencias e indemnizacións.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Nós imos xa a dicir a nosa postura, que é a abstención, xa que esa é unha atribución do grupo de goberno do BNG e do PSOE e vostedes que teñen a maioría no Pleno acordaron esas cantidades, cantidades que non son responsabilidade do Partido Popular de Cedeira, senón cantidades que son responsabilidade do BNG e do PSOE.

O Sr. Alcalde di: Pode ser un pouco máis explícito no que acabas de dicir?

O Sr. Cribeiro García di: Que vosoutros poñedes esas cifras, como puidestes poñer outras totalmente distintas.

O Sr. Alcalde di: O grupo de goberno fai unha proposta, como fixeron todos os grupos de goberno ata agora nas súas propostas das asignacións económicas. Votamos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

9. PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local nos seus apartados 3 a 5 determina que os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo. As Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

O artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desenvolve o precepto anterior, regulando o réxime de retribucións e indemnizacións que teñen dereito a percibir, con cargo ó orzamento da respectiva Entidade Local, os membros da Corporación.



Á vista da constitución da nova Corporación o pasado día 17 de xuño de 2023, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Nos termos do artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establecer as seguintes indemnizacións por asistencia a órganos colexiados da Corporación aos membros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial:

- a) Por asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: 100,00 €
- b) Por asistencias a sesións plenarias e de Comisións Informativas: 100,00 €.

As asistencias aboaranse polo procedemento establecido nas bases de execución do Orzamento Municipal de Cedeira.

Segundo.- Modificar as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023, no que se refire as cantidades fixadas por asistencias e indemnizacións.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación.“

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: É exactamente igual que no punto anterior, incidir que neste punto coma no anterior hai unha proposta do BNG e do PSOE que acordaron este tipo de cantidades, é dicir, tamén que se incrementa o diñeiro asignado con respecto a lexislatura anterior.

O Sr. Alcalde di: En cal? En cal?

O Sr. Cribeiro García di: Non pasou de oitenta a cen euros?

O Sr. Alcalde di: Non, o cambio modificouse durante o transcurso plenario dos catro anos de mandato.

O Sr. Cribeiro García di: Igual que na lexislación anterior?

O Sr. Alcalde di: Si, o que pasa, se collíchedes a acta do Pleno de organización de hai catro anos si aparecen oitenta, pero despois cambiouse, mais creo que fóra unha solicitude de Luis, naquel caso o portavoz do Partido Popular, e aceptouse.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.>

10. PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DE ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

O artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu apartado 1, sinala que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, caso no que serán dados de alta no Réxime xeral da



Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda (...). No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

O apartado 2 do citado artigo establece, pola súa banda, que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda (...) Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro (...).

Visto o establecido nos artigos 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que regulan o réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais e do persoal ó servizo das Entidades Locais, e as limitacións no número de cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecer a dedicación exclusiva a tempo completo aos membros da corporación que ocupará os seguintes cargos:

- Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil, importe anual bruto en euros 46.732,00 €.
- Concelleiro-Delegado de Obras, Servizos, Praias e Cemiterios, D. Jesús Romero Carracelas, importe anual bruto en euros 33.642,00 €, dedicación ao 100%.
- Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística, D. Noel López López, importe anual bruto en euros 33.642,00 €, dedicación ao 100%.

Segundo.- Recoñecer a dedicación parcial aos membros da corporación que ocuparán os seguintes cargos:

- Concelleira-Delegada de Servizos Sociais, Lecer, Persoal, Participación Cidadá e Facenda, D^a Carmela Prieto Cal, importe anual bruto en euros 22.442,00 €, dedicación ao 66,70%.
- Concelleira-Delegada de Rural e Parroquias, D^a María José Pernas Díaz, importe anual bruto en euros 22.442,00 €, dedicación ao 66,70%.

Terceiro.- A contía das retribucións fixadas neste acordo será revisada para cada exercicio orzamentario con efectos 1 de xaneiro na porcentaxe prevista na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano correspondente. Respecto das indemnizacións, serán aplicables as normas estatais e, no seu caso, as autonómicas, que leven a cabo a actualización do importe destas.

Cuarto.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables dende o día de hoxe.



Quinto.- Os devanditos importes abonaranse en catorce mensualidades, solicitando a alta ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social ou na Mutualidade de Funcionarios correspondente e asumindo o gasto con cargo ao vixente orzamento municipal.

Sexto.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación.“

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Unha pregunta, nesas asignacións están incluídas cuotas á Seguridade Social ou a maiores hai que pagar?

O Sr. Alcalde di: Todas as asignacións que veñen postas sempre en todos os Plenos de constitución, neste caso de organización, son salario bruto, veñen sen o réxime.

O Sr. Cribeiro García di: Sen o réxime.

O Sr. Alcalde di: En todas, nestas, nas que viñan anteriormente, todas estas.

O Sr. Cribeiro García di: Ou sexa que a estas asignacións habería que incrementarlles outras cantidades a maiores.

O Sr. Alcalde di: Como se leva facendo con todas as adicacións exclusivas ou parciais que poida ter calquera Administración.

O Sr. Cribeiro García di: Nós si consideramos que os cargos electos deben cobrar pola realización das súas tarefas, que lle son encomendadas, pero o que cremos nosoutros que non se pode permitir é antes das eleccións e unha vez celebradas as eleccións dicir, por exemplo, os membros do BNG, nunha publicación do 17 de maio en Facebook dicían textualmente “agora, cando outros candidatos vos vaian pedir pola casa a falar de tanto amor que lle teñen a Cedeira, unha boa pregunta sería -os membros do BNG preguntaban- si estarían dispostos a traballar os próximos catro anos sen remuneración como fixeron os nacionalistas galegos?”.

A Sra. López Rodríguez di: Como fixeron, como fixeron, ben dito, ben dito.

O Sr. Cribeiro García di: Vemos a día de hoxe que os membros do BNG cambian de opinión, están dispostos a traballar todos cobrando.

A Sra. López Rodríguez di: Todos non, perdón.

O Sr. Cribeiro García di: Un momento, déixeme acabar. Noel López unha adicación exclusiva de 33.642 €, María José Pernas unha dedicación parcial de 22.442 €, Xosé de Vigo que está nas Comisións e Manoli imaxino que cobrarán polos Plenos e as Comisións de goberno, iso é cobrar tamén. O que é increíble é que todos os membros do BNG, case todos, ían dicindo por aí que querían baixarlle o soldo ó señor Moreda, e non só non fan isto, senón que, súbenllo e todos os membros, todos os membros da coalición BNG-PSOE, todos cobrarán dun xeito ou doutro, excepto que agora se nos diga que algúns renuncian a determinado tipo de percepcións.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Hai algunhas percepcións que están bastante equivocadas, iso de que todos os do BNG van cobrar e sempre cobraron, non é verdade, é unha falsedade absoluta. Non é que non sexa verdade, é que é unha falsedade. Iso é un papel, ciñámonos á realidade. Eu non vou cobrar do Concello, vou traballar no Concello oito horas diarias, gratuitamente. Vou traballar polo pobo porque eu non o necesito, parece unha chulería persoal pero non o é. Eu teño o meu salario que me paga a



Seguridade Social e non quero cargarlle ó Concello nada, pero quero que a xente que traballa que cobre. Vostede di van a cobrar incluso os que non teñen adicacións recoñecidas, pois claro que imos cobrar, porque nós temos que ir polas aldeas por aí e temos que falar coa xente, e qué vamos a cobrar, os emolumentos que marque o Pleno para as actividades que sexan. Os únicos que teñen salario son dúas persoas que van traballar, dedicarse exclusivamente a iso, perdón, o que ten a total vaise dedicar a iso e o que ten unha parcial vai dedicar a metade do seu tempo a isto. E vostede di, podo facer unha pregunta así en certa confianza?

O Sr. Cribeiro García di: Si.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Vostede cobrava cando era Alcalde?

O Sr. Cribeiro García di: Eu si.

O Sr. Rodríguez Arribe di: O Alcalde de Cedeira tamén vai cobrar. Nosoutros fixemos unha estimación, evidentemente, leva catro anos cobrando o mesmo salario.

O Sr. Alcalde di: Oito.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Oito, nós fixemos unha estimación do que ten que subir o salario en oito anos e pareceunos unha cantidade razoable, se a vostede non lle parece, pois é un problema de vostede. Nós imos votar a favor destes salarios porque cremos que son salarios razoables. E iso de que todo o BNG cobra, non, cobran as persoas que están designadas, nada máis. De feito o BNG tiña un salario máis que podía asignarse que non se asigna. E, con respecto a dicir a coalición, nosoutros non somos unha coalición, señor, nosoutros somos un equipo de goberno que chegou a un acordo para gobernar Cedeira, non somos unha coalición, pero si somos un só goberno, pero non somos unha coalición. Antes cada un defendía o seu, vostede recriminoume na campaña electoral que eu me presentei para ser Alcalde e que despois cheguei a un acordo, non eu, perdón, o BNG chegou a un acordo co PSOE, pois claro que si, eu quería ser Alcalde de Cedeira, pero os cedeireses non me votaron para ser Alcalde, pero o BNG decidiu que nosoutros tiñamos que cogobernar ou gobernar co PSOE porque era bo para o pobo. E que conste, Sr. Cribeiro, Xulio, imos achegarnos un pouco máis, que conste que nosoutros estas decisións que fixemos aquí, todo o que estamos votando aquí, votámolo previamente en assemblea local, todos os nosos militantes votan estas decisións, non é unha cousa de ningún dos que estamos aquí persoalmente, é unha decisión da assemblea local do BNG.

O Sr. Cribeiro García di: Eu quería incidir, a primeira frase que eu dixen que nosoutros si consideramos que os cargos electos deben cobrar pola súa realización, o que non se pode é dicir en campaña determinadas cousas e logo posteriormente outras. Eu si cobreí, eu cobrava unha dedicación parcial, 1.500 euros, xa llo digo.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Señor Cribeiro, non falemos do que se di nas campañas electorais e a realidade.

O Sr. Cribeiro García di: Eu creo que hai que facerlles caso ás campañas electorais, por algo son propostas de todos os partidos políticos.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Si, si, as propostas eran que Jose de Vigo ía ser Alcalde de Vigo, que Jose de Vigo ía ser Alcalde de Cedeira, perdón.

O Sr. Cribeiro García di: A maiores, pódolle dicir que moitos militantes seus dicían que o único que querían é que, aquí o señor Moreda, non fose Alcalde.



O Sr. Rodríguez Arribe di: Claro, porque querían que fora eu, evidentemente.

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Señor Cribeiro, vostedes nos ofreceron ser Alcalde, si, verdade?

O Sr. Cribeiro García di: Si.

O Sr. Rodríguez Arribe di: E que dixemos?

O Sr. Cribeiro García di: Se nos deixan, calquera podía ser Alcalde.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Non señor Cribeiro, non é verdade.

O Sr. Cribeiro García di: Calquera podía ser Alcalde.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Vostede, o seu entorno, ofreceunos votarnos, para ser Alcalde de Cedeira, a contestación cal foi? Non.

O Sr. Cribeiro García di: Foi unha tentación, a ver que como reaccionaban vostedes.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Señor Cribeiro, levo nisto dende os dezasete anos, non nacín onte na política.

O Sr. Cribeiro García di: Nós dicimos que todos os membros do equipo de goberno, todos, van a cobrar, dun xeito ou doutro.

O Sr. Alcalde di: Eu engado que todos os membros da Corporación van cobrar, porque vostedes tamén van cobrar. Estou totalmente dacordo, para iso a lei permite que os Concelleiros electos poidan cobrar, creo que cobrar por traballar é a cousa máis digna que pode haber, axustándose á lei o máximo posible para iso está totalmente regrado. Este é un debate que non existe nin na Deputación, nin no Parlamento galego, nin en ningún outro parlamento, alí a xente sae, ten o seu salario e parece que os salarios que teñen que cobrar os Concelleiros electos ou os Alcaldes que soe ser sobre, máis ou menos, o meu salario, 40.400 euros no ano 2015, brutos, se facemos a suma do IPC, os incrementos que puido haber durante estes anos ata os 46.000 que son de agora. Non creo que a subida sexa tan, tan grande, non? Por poñer un exemplo, creo que cando unha persoa se presenta, como ben dis, co tema de cargo electo, somos dos equipos que cren, xa o fixemos e neste terceiro mandato o volvemos a facer de que non imos ter a persoal de libre designación, como por exemplo era unha característica dalgún goberno do Partido Popular, onde tiñan dúas persoas de libre designación e botando contas no que se suben os orzamentos do Concello, pois si que igual nos últimos cinco mandatos podemos ser o terceiro mandato máis caro, se quere poñerlle ese cualificativo, en canto a porcentaxe. Non é igual que o Concello teña en adicacións noventa mil sobre catro millóns que teña cento e pico mil sobre case sete millóns, unha regra de tres moi sinxela de facer. Pero que volvo é un debate estéril, é dicir, a min dáme moita pena xente que ten medias adicacións porque están traballando vinte e catro/sete, díxeno no seu momento e direino sempre que non me parece normal que unha persoa cobre media adicación cando traballa oito ou nove horas. Creo que a ningún de vostedes lles parecerá tampouco lóxico, pero hai que axustarse á lei e nosoutros é o que facemos.

O Sr. Cribeiro García di: Eu creo que calquera tipo de debate como ti defines Pablo non é estéril. Ten en conta que nosoutros non nos metemos nas cantidades que cobrades, esas son as cantidades que



vosoutros, o equipo de goberno, considerades que debedes cobrar. Eu non vou entrar no que acabas de falar outra vez, repites outra vez de anteriores lexislaturas do Partido Popular que tiñan persoal de libre designación, e falando de anos anteriores, houbo aquí Alcaldes que non cobraron absolutamente nada, Concelleiros que non cobraron absolutamente nada, pero eu non vou entrar nese tema concreto, se cobraron ou non cobraron. Nós queremos deixar constancia que hai unha serie de cantidades que vosoutros, o equipo de goberno, vos poñedes actualmente, sen máis. Persoalmente temos a nosa opinión.

O Sr. Alcalde di: A iso me refería co debate, cando quixen dicir debate estéril, que tiña que estar xa regrado por lei coma está regrado noutras administracións, iso é o que pretendía dicir. Houbo outros Alcaldes que non cobraban, por suposto, cobraban como Senadores, cobraban como Deputados Provinciais ou cobraban como Deputados, é como o de “hai Alcaldes que non cobran”, hai Alcaldes que son Deputados Provinciais e igual cobran vinte mil euros máis brutos cun Alcalde normal.

O Sr. Cribeiro García di: Non fales de ...

O Sr. Alcalde di: Non, non estou falando de ninguén, non estou poñendo nomes, estou falando de Alcaldes que poden ser compañeiros meus de partido que igual están na Deputación e gañan vinte mil euros máis brutos ou compañeiros vosos que son Alcaldes e que están na Deputación, agora mesmo, e cobran vinte mil euros máis brutos cun Alcalde normal. É dicir, o Alcalde non cobra, por iso dicía o de debate estéril, e que isto debería estar regulado por lei. Está, pero debería de estar doutra forma, para min, pero é a miña forma de pensar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

11. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

O artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que o Pleno debe nomear os representantes da Corporación nos órganos colexiados da súa competencia.

Á vista da constitución da nova Corporación o pasado día 17 de xuño de 2023, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes municipais no Consello Escolar do CEIP “Nicolás del Río” a:

- D. Noel López López, con DNI 32726315-Y, Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística.

Suplente: D.^a Carmela Prieto Cal, con DNI 32708027-A, Concelleira-Delegada de Servizos Sociais, Lecer, Persoal, Participación Cidadá e Facenda.



Segundo. – Nomear como representantes municipais no Consello Escolar do IES “Punta Candieira” a:

- D. Noel López López, con DNI 32726315-Y, Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística.

Suplente: D.^a Carmela Prieto Cal, con DNI 32708027-A, Concelleira-Delegada de Servizos Sociais, Lecer, Persoal, Participación Cidadá e Facenda.

Terceiro.- Nomear como representantes municipais nos órganos de xestión da Escola Infantil de Cedeira a:

- D. Noel López López, con DNI 32726315-Y, Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística.

Suplente: D.^a Carmela Prieto Cal, con DNI 32708027-A, Concelleira-Delegada de Servizos Sociais, Lecer, Persoal, Participación Cidadá e Facenda.

Cuarto.- Nomear como representantes municipais na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol ao Sr. Alcalde-Presidente, D. Pablo Diego Moreda Gil, e como suplente ao Primeiro Tenente de Alcalde, D. José Antonio Rodríguez Arribe.

Quinto.- Nomear en representación política na Rede de Dinamización Lingüística, creada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como titular a D. Noel López López, e como suplente ao Sr. Alcalde-Presidente, D. Pablo Diego Moreda Gil.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Nós queremos facer unha proposta, a representación do Concello en órganos colexiados a teñan tamén un representante do Partido Popular?

O Sr. Alcalde di: Pero, onde?

O Sr. Cribeiro García di: En todos os órganos.

O Sr. Alcalde di: A ver, esa é unha proposta que, neste caso, témola que asimilar como grupo de goberno. É unha proposta que lamentablemente, coma noutras vos brindaremos a falar do que faga falta, nesta témolo que rexeitar. Iso si, en calquera destas representacións municipais que teremos en calquera estamento, calquera dúbida que poida haber, calquera tema que se poida consultar, calquera debate que se poida facer e calquera dos Concelleiros que van estar de portavoces, están abertos e estou aberto a través da Mancomunidade para dar toda a información posible ó Partido Popular.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

12. PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“**PABLO DIEGO MOREDA GIL**, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:



A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece na súa Disposición Adicional Segunda apartado 7 que: “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, no seu caso o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o número, en total sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer mais dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.”

O artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece que “nos procedementos abertos, abertos simplificados, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1.º do artigo 168, no que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa.”

O artigo 21 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, regula a composición das mesas de contratación:

1. Os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos nos procedementos de adxudicación aberto, restrinxido e negociados con publicidade por unha mesa de contratación que será competente para a valoración das ofertas.
2. As mesas de contratación estarán compostas por un Presidente, un Secretario e, polo menos, catro vogais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor ou, a falta de calquera destes, quen teña atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico ou ao control económico-presupostario do órgano.
3. O Secretario deberá ser un funcionario que preste os seus servizos no órgano de contratación. Cando non sexa posible designar un funcionario, farase a designación entre os doutro tipo de persoal que dependan do órgano de contratación.
4. A designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para a adxudicación de cada contrato. A súa composición publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.
Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse ademais no Boletín Oficial do Estado, no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo se trate da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.
5. Ás reunións da mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.
6. Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción feita do secretario que só terá voz.
7. Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, o Presidente, o Secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-presupostario do órgano.

Deben terse en conta os recentes informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado nos



que se indica que nos supostos nos que o Alcalde teña delegado a súa competencia como órgano de contratación noutro órgano, incluída a Xunta de Goberno Local, non poderá formar parte da Mesa de Contratación.

Polo exposto propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Constituír a Mesa de Contratación permanente do Concello de Cedeira que actuará como órgano de asistencia do órgano de contratación competente en tódolos contratos que asine esta entidade local e sexan obxecto de adxudicación mediante procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación, de asociación para a innovación, e nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncio de licitación, quedando integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Carmela Prieto Cal (concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE)
Suplente: Jesús Romero Carracelas (concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE)

VOGAIS:

- José Antonio Rodríguez Arribe (concelleiro do grupo municipal do BNG))
Suplente: Noel López López (concelleiro do grupo municipal do BNG)

-A Secretaria municipal
Suplente: O funcionario que sexa nomeado Secretario accidental

-A Interventora Municipal
Suplente: O funcionario que sexa nomeado Interventor accidental

-O Arquitecto Técnico Municipal
Suplente: O Arquitecto Municipal

SECRETARIO: María Montserrat Pérez Garrote (administrativa do departamento de Administración Xeral)
Suplente: Iris Pita Leonardo (administrativa do departamento de Administración Xeral)

Segundo.- Publicar anuncio referindo este acordo e a composición da Mesa de Contratación permanente na Plataforma de Contratos do Sector Público e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificar este acordo aos designados como membros da Mesa de Contratación permanente.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: O mesmo que no punto anterior, a proposta do Partido Popular sería a incorporación dun membro do Partido Popular á Mesa de Contratación. E unha pregunta que a nosoutros sorpréndenos, está aquí como suplente unha persoa que é un funcionario que ten a máxima titulación dentro do Concello, que é o Arquitecto municipal e como técnico principal o Arquitecto técnico municipal, por que se pon ó Arquitecto municipal de suplente e non de titular?

O Sr. Alcalde di: Polas atribucións que están en Catálogo. E o de meter unha persoa do Grupo popular, remítoche outra vez ó mesmo co das Xuntas de Goberno, non o creo oportuno neste tipo, e cando máis hai toda a transparencia posible hoxe en día en o que é a contratación a través da Plataforma de Contratos do Estado, a través de todas as Xuntas de Goberno que temos notificacións a todos os Concelleiros das Actas da Xunta e todas as Mesas e todo iso. Cremos que como está recollido na lei que di como presidente, catro vocais, que son os que aparecen na proposta agora mesmo.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

13. PROPOSTA DA MESA DE SEGUIMENTO DE URBANISMO

Pola Secretaria dáse lectura á proposición de Alcaldía de data 10 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

En data 08.07.2023 asinouuse o Acordo de Goberno entre o PSdeG-PSOE e o BNG para o mandato municipal 2023-2027 no concello de Cedeira.

No citado acordo, entre outras cuestións, establecece a creación dunha mesa de reunión quincenal con representación de todos os partidos da corporación cos técnicos de urbanismo, sen prexuízo da creación da Comisión Informativa de Urbanismo, a efectos de coñecemento polos distintos grupos municipais de todos os expedientes de urbanismo tramitados no concello, e non unicamente de aqueles que sexan sometidos a decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Crear con carácter permanente unha Mesa de seguimento de urbanismo, que se reunirá quincenalmente, os martes ás 10:00 horas, que terá por obxecto o coñecemento polos distintos grupos municipais de todos os expedientes de urbanismo tramitados no concello.

O número de membros será de 3, formando parte da mesma 1 concelleiro pertencente a cada grupo municipal, podendo designar suplentes.

A adscrición concreta dos membros da Corporación que formen parte da mesma en representación de cada grupo político, así como a designación dos suplentes, realizarase mediante escrito dos voceiros de referidos grupos dirixido a esta Alcaldía.

Ás reunións da Mesa asistirán os técnicos municipais de Urbanismo, a efectos informativos.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: A proposta do grupo do Partido Popular é que a celebración de Mesa de Seguimento de Urbanismo se celebre semanalmente en horario de trece horas debido ao enorme atraso na concesión de todo tipo de obras e licenzas, atrasos que en numerosos casos son superiores a varios anos, que lastran o desenrolo diario e económico de Cedeira, con importantes perdas para as familias cedeiresas, para promotores, inversores, empresas de distintos tipos que hai en Cedeira, dende electricistas, fontaneiros, albaneis, carpinteiros, pintores, escaiolistas. E unha vez que ditas licenzas pendentesteean ao orden do día e se resolvan en prazos razoables se retome o horario literal que se fai constar nesta proposta. Nós cremos que estamos aquí para traballar por Cedeira e Cedeira merece que sexamos resolutivos e rápidos na toma de decisións, e a día de hoxe todo o tema de urbanismo supón un retraso ao crecemento económico de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Non sei José se queres contestar primeiro.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Non.



O Sr. Alcalde di: Vou facer unha reflexión, pero quería facer unha pregunta, cal sería a diferenza de facela cada semana a Mesa de seguimento de urbanismo?

O Sr. Cribreiro García di: Axilizar todas as licenzas pendentes.

O Sr. Alcalde di: Pero quen vai informar? Vosoutros?

O Sr. Cribreiro García di: Non, nosoutros non, pero na proposta non di que está incluído o técnico de urbanismo?

O Sr. Alcalde di: O que non hai que facer é demagogia con este tipo de asuntos. Este é un asunto moi importante que o grupo de goberno e coma oposición o tratamos de forma moi interesante. O coñecer o funcionamento da Administración tamén é factor fundamental á hora de tomar esta decisión, que pretendemos con isto? O que pretendemos con isto é que se cree esta Comisión de seguimento onde os grupos, todos os que temos representación na Corporación e que representamos á maioría dos veciños e veciñas de Cedeira, teñan coñecemento de todos os casos, de todos os supostos que haxa de urbanismo, de todas as licenzas que poida haber e se poidan facer as preguntas ós técnicos, que van estar aí, e para ter coñecemento, porque ás veces igual moitas cousas que temos coñecemento na rúa se axustan algo á realidade e outras non se axustan. Para iso nós, que non somos funcionarios, somos políticos, e temos que respectar. Parece que sempre a culpa é dos funcionarios, non, a culpa non a teñen nunca os funcionarios, o que si igual temos é responsabilidade os políticos de estar neste tipo de Comisións, e non só neste tipo de Comisións de seguimento de urbanismo, senón tamén nas Comisións Informativas. É dicir, así como nosoutros creamos esta Mesa de seguimento, tamén o que queremos é que cando calquera licenza, calquera tipo de expediente que vaia a unha Xunta de Goberno, tamén se creara unha Comisión Informativa de Urbanismo para que se teña coñecemento do que vai a Xunta de Goberno, que non sexa como as Comisións Informativas de Urbanismo que se fai unha ó ano, pois non, cada vez que haxa expedientes que se tratan eses expedientes. Coma tamén, dentro das nosas propostas estarán no seu momento e como dixo vostede ó principio de colaboración co goberno municipal de Cedeira, polos intereses dos veciños e veciñas de Cedeira, cando o goberno local saque a licitación o Plan Xeral ou saque o PEPRI, ou saque outros proxectos que teñan cabida de interese xeral para todos, vostedes serán convidados a participar tamén nesas mesas de traballo, porque nos representan a todos, todos os que estamos aquí representamos a todos. Entón, esa é a función que ten esta Comisión de seguimento, que teñamos toda a información suficiente para que todas as persoas que nos poidan preguntar, como vostede ben dixo: promotores, construtores, un albanel ata o chico do banco, calquera persoa que nos poida preguntar por un expediente e que saibamos cal é a resposta a todas elas, é o que ten isto, transparencia total neste tema de urbanismo. Nunca se fixo, é a primeira vez que se fai neste Concello unha Comisión de seguimento de urbanismo, e creo que con quince días é tempo máis que suficiente porque en urbanismo non só hai licenzas, hai moitísimas cousas de urbanismo. Se fóra necesario facela cada semana, fariámola cada semana. Eu co tema da hora, de 10:00 a 13:00 horas, a min iso dáme igual, non sei se a nivel laboral inflúe, sinceramente dame igual. Dígoo porque ás 13:00 podémonos estender moito e ás 10:00 podémonos estender moitísimo máis porque é moito máis cedo. Eu non teño ningún problema que sexa ás 10:00 ou ás 13:00 horas. A intención da Mesa é esa, que todos teñamos coñecemento do expediente, que todos podamos dar unha resposta aos expedientes, que todos lles podamos facer preguntas aos técnicos sobre aqueles expedientes que están aí ou expedientes que non son só de termos urbanísticos que tamén son expedientes que van por outro camiño. Igual non todo o que está parado en Cedeira urbanísticamente está parado dende a oficina técnica, pode estar tamén parado dende a oficina xurídica, pero parado con informes, non parado porque un técnico queira paralo ou porque un Concelleiro da oposición ou de goberno queira facelo, só faltaría.



O Sr. Cribeiro García di: Vostede fala de demagogia neste tema, nós non somos demagogos, nós vemos a realidade que existe neste Concello e que está lastrando o desenrolo urbanístico de Cedeira é que hai licencias, hai solicitudes que levan anos, anos, totalmente paradas e a xente non ten ningunha resposta. Vostede di dos funcionarios, sabe como funciona a Administración, catro maiorías absolutas estiven na Administración e sei como funciona a Administración e sei como funciona a Administración e sei como funcionan os funcionarios. Non vou ser eu quen de culpar ós funcionarios, pero non son os políticos os que emiten as licenzas, os que dan apto determinado tipo de proxectos, os políticos non son, son os técnicos, pois os técnicos teñen que poñerse a traballar e ser, é unha cousa moi sinxela, rápidos, rápidos e eficaces, sen máis, porque non se comunica e hai un vacío. A xente paga licencias, hai xente que paga cen mil euros por un proxecto dun edificio e está completamente parado, parado. Hai persoas que tiveron que deixar de construír a súa casa porque se lles incrementou o prezo nun corenta por cento porque non se lle deu licenza neste Concello durante dous anos e medio. Entón, consideramos que o tema urbanístico ten que ser moito máis rápido e claro que hai que falar cos funcionarios, señores, hai que sacar as cousas adiante, rápidas, eficaces e áxiles, sen máis. Eu non digo que a culpa sexa dos funcionarios, pero isto non pode, dende o noso punto de vista, Cedeira no pode estar parada como está na actualidade e hai unha cantidade de xente que ten grandes proxectos de inversión en Cedeira de distintos tipos e adoptan a postura de non vir investir a Cedeira polas trabas e as dificultades que supón o tema urbanístico aquí en Cedeira. E dígollo sen ningunha acritude.

O Sr. Alcalde di: Non o tomo con acritude. Tampouco cando lle falei de demagogia, lle falei de demagogia xeral, falo de demagogia neste asunto. Quería darlle un par de correccións só, non hai ninguén que paga cen mil euros que non teña licenza, porque cando pagas os cen mil euros é porque tes licenza. Cando presentas un proxecto pagas o 0,6% de taxas e cando tes a licenza pagas o ICIO, iso significa que xa tes a licenza para construír. E, despois, aquí non se dan, obtéñense, é dicir, obtéñense cando un proxecto cumpre todos os requisitos que marca o Plan Xeral de Cedeira coa habitabilidade e todo iso, é algo que pasa neste Concello e en moitísimos Concellos máis. Vostede estivo en Moeche, Moeche é un Concello que me encanta, pero terá que comprender que a actividade municipal de Cedeira, a nivel urbanístico, multiplica por moitísimo a de Moeche. E voulle a dar outro dato máis, nós entramos nun goberno progresista, galeguista no ano 2015 e dende ese momento non hai ningunha licenza que estea recorrida ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, é dicir, houbo vivendas que lamentablemente no mandato anterior a APLU tivo que tirar porque tiñan expedientes de reposición da legalidade urbanística, hai obras que teñen vicios que no se poden hoxe dar licenzas de primeira ocupación porque foron, no seu momento, licenzas que incumprían. As licenzas estaban ben dadas, no seu momento, polos técnicos, pero despois se deixaba facer máis e hoxe en día é imposible dalas de alta e iso é algo que estamos a pagar, é algo no que estamos a traballar. Polo menos neste caso, esa tardanza que é verdade, eu recoñezo que hai expedientes parados, polo menos no tempo, despois, cando nos sentemos nas Mesas de seguimento falaremos cos técnicos de urbanismo, pedirémoslles todas as explicacións. Vai vostede a ter dereito, ou José, a pedir as explicacións que sexan, non vai haber aí coacción de ningún tipo á hora de preguntar, para iso estamos. Eu o que quero é que teñamos toda a información. O que lle digo, polo menos as licenzas que se están dando agora, son licenzas que os técnicos, neste caso, funcionarios que se están xogando o seu posto de traballo e a súa carreira, farán o imposible. Agora a cantidade de licenzas e documentación que hai neste Concello é moi grande, con isto o que quero dicir é que, si que temos que seguir reuníndonos cos técnicos e tamén quero que os outros grupos se reúnan e que traballemos xuntos e que falemos cos propios técnicos e que eles mesmos incluso se ven que dentro da legalidade e cos informes favorables da xurídico deste Concello, neste caso a sra. secretaria, se pode mellorar o urbanismo en Cedeira, nosoutros estamos dispostos a facelo. A idea é boa.

O Sr. Cribeiro García di: Sorpréndeme que me diga que os funcionarios están xogándose a súa carreira.



O Sr. Alcalde di: Máis me sorprende que vostede, que é funcionario, me diga que igual a culpa é dos funcionarios.

O Sr. Cribeiro García di: As carreiras xogámonolas todos en calquera profesión, todos, un arquitecto, un aparelador.

O Sr. Alcalde di: Hai un run, run, pode haber un run, run, hai unha mala fe, alguén supón que pode haber algunha mala fe por un técnico á hora de informar? Pregunto.

O Sr. Cribeiro García di: Eu non sei se son run, run, eu fago constar.

O Sr. Alcalde di: Porque unha mala fe á hora de informar, é moi fácil, viase ó Xulgado e a persoa pode quedar inhabilitada de por vida, creo que é de mala fe. Poderán ser lentos ou máis rápidos, agora eu defendo que ningún funcionario deste Concello, en calquera departamento, traballe con mala fe, como tamén o defendo en calquera outro departamento como na Sanidade, na Educación ou no que sexa.

O Sr. Cribeiro García di: Ninguén dubida da mala fe dos funcionarios, eu son o primeiro, cada un no seu posto de traballo intenta facelo o mellor posible, pero ás veces, nestes casos hai que ser resolutivos, Pablo, e hai que ser rápidos, non podes estar poñendo obstáculos permanentemente ás peticións dos veciños. Hai xente que tiña orzamentada unha casa en cento sesenta mil euros e, polo incremento, vaille saír agora en dous centos vinte e cinco. E decidiu non facer casa.

O Sr. Alcalde di: Pero, por que? Por non ter licenza?

O Sr. Cribeiro García di: Claro, porque tardaron dous anos en darlle unha licenza. Tardaron dous anos en darlle unha licenza, co incremento tal e como está o custe da vida iso é inasumible para a clase media.

O Sr. Alcalde di: As licenzas, todas as licenzas, en calquera Concello, danse cando teñen un informe técnico favorable e xurídico favorable. Cando calquera persoa presenta un proxecto, sobre ese proxecto hai un informe técnico que se lle remite ó propietario ou ó representante do propietario, neste caso, que ten que corrixir unhas cuestións. Esas cuestións, se se corrixen en tempo e forma, hai licenzas que saen rápidas e licenzas que se demoran máis no tempo, pero estanse facendo para que todo o mundo teña seguridade xurídica cando constrúa a súa casa, por iso que a Mesa de seguimento vai ter coñecemento. Vostede está falando dun caso que igual é hipotético ou non, dáme igual.

O Sr. Cribeiro García di: Dígollo na rúa, sen problemas.

O Sr. Alcalde di: Non, se non llo digo por iso. Os que lle van a vostede xa viñeron a min, iso é así. Os que teñen licenza a vostede non lle van, os que non a teñen son os que lle van, é normal. A Comisión de seguimento é unha forma de que vostede, sobre ese expediente do que está falando, pode preguntarlle ós técnicos. Os técnicos igual lle din, mire é que onde ten que facer o muro de 2,50 está presentado un de 3,50. E vostede igual lles di na rúa, tes todo moi ben pero o muro non é de 2,50, presentaches un de 3,50. Quero dicir, urbanismo ten moitas cousiñas, por iso non me vou meter nos informes dos técnicos, ningún de nós, pero si que nós, como grupo de goberno, agradecemos a presenza para que todos teñamos coñecemento, todos teñamos a información, todos lle podamos pedir ós técnicos a documentación que faga falta, os informes que fagan falta, que no-lo expliquen, que no-lo pinten, que no-lo debuxen, vamos o que necesiten, porque nós non nos temos que sentar cos técnicos para dar unha licenza, pero faise de boa fe, con toda a boa fe do mundo para que isto vaia o máis áxil posible.



O Sr. Cribeiro García di: Debería ir moi rápido, moi rápido, esa é a nosa proposta, que se axilice o máximo posible todo tipo de trámites administrativos. Non pode ser que unha persoa chegue aquí e pregunte por un técnico e lle digan que non está, e unha pregunta moi sinxela como pode ser canto mide un camiño e lle digan, mire é que ímoslle pedir o número de teléfono e poñer unha cita, e tarden un mes para unha simple pregunta. Os técnicos, nosoutros consideramos que deben ser moito máis accesibles. A Administración está para velar polos intereses dos veciños.

O Sr. Alcalde di: Eu estou totalmente de acordo que os técnicos teñen que ser o máis accesibles. Si que é verdade que hai que intentar chegar ós veciños o máximo de días posibles, pero se poñemos cinco días á semana de reunións cos veciños para que un veciño poida consultar dúbidas, ó final o técnico tampouco fai o seu traballo, que é o de informar, pero lévase se se tarda un mes porque hai moitísimas citas, pero é que non se tarda un mes agora, tárdase un mes agora, no 2011, 2008, 2007, no 6, no 5, porque isto de urbanismo é conto de sempre, isto non é de agora, isto ven dende moitos, moitos anos, se teñen traído asesores externos. Os que estamos agora somos nós, os que estamos facendo unha proposta, unha proposta que creo que é moi boa.

O Sr. Cribeiro García di: Unha proposta que sabes de quen partiu, pero non o vas dicir aquí.

O Sr. Alcalde di: Podes dicilo, que a min gustaríame sabelo.

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Podo intervir?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Quero saber quen fixo esa proposta.

O Sr. Alcalde di: Eu tamén, agora si que me veu.

O Sr. Cribeiro García di: Alguén xa comentou, non?

O Sr. Alcalde di: Non, refíreste a alguén do teu partido, podo dicilo?

O Sr. Cribeiro García di: Si.

O Sr. Alcalde di: A min chamoume Luis Rubido, unha vez, e díxome que me poñía un salario, non sei se era de corenta e cinco mil euros, comentéille a eles, díxenlles que estamos a negociar con eles, díxome que ía facer unha proposta xa non o vou chamar entendo perfectamente que estabas con eles, e díxome se o metiamos na Comisión Informativa de Urbanismo, non nunha Mesa de seguimento de urbanismo. E díxenlle, Luis, na Comisión Informativa de Urbanismo ides entrar igual e ímolo facer coas Xuntas de Goberno, pero a maiores diso, a Mesa de seguimento de urbanismo. Iso non foi o que eu falei con Luis, con Luis foi a Comisión Informativa de Urbanismo.

O Sr. Cribeiro García di: Nosoutros consideramos que un horario de oito horas é suficiente porque son técnicos e son profesionais na súa materia de urbanismo. É un horario suficiente diario para resolver todas as incidencias que se produzan urbanísticamente neste Concello.

O Sr. Alcalde di: Cando teñamos a Mesa de seguimento vai ser unhas das cousas que imos ver, ímoslle preguntar, imos ver o que están facendo, as comunicacións previas, licenzas de obra maior, as licenzas de primeira ocupación, as licenzas de actividade, imos ver todo.



O Sr. Cribeiro García di: E incluso a atención ao público, tamén.

O Sr. Alcalde di: Atención ao público.

O Sr. Cribeiro García di: Atención ao público.

O Sr. Alcalde di: Todo.

O Sr. Cribeiro García di: Cremos que é fundamental a xente.

O Sr. Alcalde di: Todo, todo por suposto. Se queredes engadir algo máis.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Eu apoio o que di a proposta.

O Sr. Alcalde di: Antes de dar por rematada, xa dicimos que o próximo Pleno ordinario, votamos a proposta.

A Sra. Secretaria di: A que hora queda, ás 10:00 ou ás 13:00?

O Sr. Alcalde di: 10:00 ou 13:00, dáme igual. Eu poñería ás 10:00 por se nos leva máis tempo e se eles despois teñen outra cousa que facer no traballo deles.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Ás 10:00.

O Sr. Alcalde di: Non, a ti váleche?

O Sr. Cribeiro García di: É mellor traballar ata as 13:00 e despois estar...

O Sr. Alcalde di: Poden estar ata as cinco, se facemos catro horas.

O Sr. Cribeiro García di: As reunións teñen que ser cortas, concisas e resolutivas.

O Sr. Alcalde di: Si, pero isto é urbanismo.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Conclusión?

O Sr. Alcalde di: Ás 10:00.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

O Sr. Alcalde di: Antes de rematar, o Pleno próximo ordinario vai ser o 27 ás oito da tarde, así que nada, graziñas a todos por vir, o público por estar aí e sobre todo por non intervir.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA



PABLO DIEGO MOREDA GIL

ANA VELO RUIZ